

MASORANGE e máis R cubrirán todos os fogares da Galicia rural con 5G nos dous vindeiros anos

- *O investimento histórico de MASORANGE/R en Galicia supera os 2.300M €.*
- *R, marca do grupo MASORANGE en Galicia e opción preferida dos fogares e negocios no territorio, é o operador con maior cobertura de banda larga desta comunidade.*
- *A súa rede de fibra chega a máis de 1,6M de inmobles nos 314 municipios galegos, onde pode gozar da súa banda larga case que o 100 % da poboación.*
- *Preto do 90 % da poboación galega pode facer uso da tecnoloxía móbil 5G de R.*
- *Ademais, adxudicáronse máis de 52M € do plan Único 5G Rural, o que lle permitirá liderar o 5G en Galicia no ámbito rural.*
- *As marcas do Grupo MASORANGE contan en Galicia con preto de 1,9M de servizos totais.*
- *R é o primeiro operador que dota clientes sen fibra en Galicia dunha solución 5G converxente fixo e móbil en 224 municipios galegos.*
- *MASORANGE xera máis de 4.000 empregos directos e indirectos en Galicia e conta con 180 puntos de venda nas catro provincias da comunidade.*
- *R é o operador de referencia das empresas e Administracións Públicas galegas, con contratos tan importantes como a Xunta de Galicia, numerosos concellos, Abanca ou Reganosa.*

Mércores 12 de xuño de 2024.- O conselleiro delegado de [MASORANGE](#), **Meinrad Spenger**; a directora xeral de Regulación, Asuntos Públicos e Sostibilidade da compañía, **Luz Usamentiaga**; e **Alfredo Ramos**, director de **R**, mantiveron esta mañá un encontro institucional co **presidente da Xunta, Alfonso Rueda**, no que ratificaron o **compromiso de MASORANGE coa comunidade galega** e a súa

aposta por lle dar pulo ao **desenvolvemento socioeconómico e tecnolóxico do territorio**.

Este compromiso concrétase nos máis de **2.300M € de investimento acumulado ao longo da traxectoria de Orange, MASMOVIL e a súa filial R en Galicia**.

A **dixitalización** de fogares e empresas e o **investimento en Galicia** seguen a ser os principais alicerces da compañía galega **R** e do grupo MASORANGE para situar a comunidade ao nivel das rexións máis avanzadas do mundo, segundo explicou hoxe MASORANGE ao presidente Rueda. Con este obxectivo, **MASORANGE/R** investirá máis de **200M € nos 3 vindeiros anos en Galicia** para seguir impulsando o seu desenvolvemento económico e tecnolóxico.

Hoxe o Grupo MASORANGE emprega de forma directa e indirecta máis de **4.000 persoas** na rexión e conta con preto de **180 puntos de venda** en Galicia.

R, que dende os seus inicios se considerou un dos proxectos de investimento privado máis importantes de Galicia, dálles emprego na actualidade a **1.500 persoas**, entre postos de traballo directos e indirectos, e segue apostando polos puntos de venda propios e de distribuidores no territorio que, en total alcanzan xa, actualmente, a cifra de **130** (50 tendas exclusivas de **R** e 80 puntos de venda autorizados).

Preto de 1,9M de servizos do Grupo MASORANGE na comunidade galega

As marcas do grupo MASORANGE en Galicia son a primeira opción para os clientes galegos e contan no territorio con **preto de 1,9M de liñas**. O Grupo MASORANGE é a referencia canto a experiencia de usuario e **conta cos clientes máis satisfeitos do mercado galego**.

Ademais, **R** segue a rexistrar un bo desempeño comercial e experimentou un incremento de clientes de case que o 19 % con respecto ao exercicio anterior. Este avance operativo, tanto entre particulares como en empresas, tivo tamén o seu reflexo nos ingresos, que medran interanualmente un 4,3 %.

Cientes máis satisfeitos que nunca e un futuro que “mola”

No primeiro trimestre de 2024, **R acadou os mellores índices de satisfacción de cliente dos últimos cinco anos** (8 sobre 10 fronte ao anterior 7,1 sobre 10), diminuíu nun 28 % o número de incidencias e mellorou tamén a recomendación de **R** por usuarios dos seus servizos de telecomunicacións (índice de +20).



MASORANGE/R: a maior cobertura de banda larga para reducir a fenda dixital

R é o operador de referencia en Galicia, a opción preferida por fogares e negocios na comunidade e **o operador con maior cobertura de banda larga do territorio.**

Na actualidade, **R**, filial de **MASORANGE**, chega con fibra óptica FTTH a máis de **1,6 millóns de fogares e negocios** no total dos **314 municipios** galegos, o que supón ofrecerlle **cobertura de fibra a case que o 100 % da poboación.** Esta rede está baseada no estándar XGS-PON, preparada para o futuro, e permite simultanear tarefas de teletraballo, teleformación, videochamadas, *streaming*, *gaming* etc. É un sistema que habilita eses accesos ultrarrápidos con catro veces máis capacidade de descarga do que a tecnoloxía actual e ata oito veces máis capacidade de subida.

Ademais, no primeiro trimestre de 2024 **a pegada de fibra óptica de R seguiu aumentando** grazas ao acordo co provedor autóctono de fibra *Rede Aberta*, que permitirá cubrir aproximadamente **70.000 novos inmobles** conectándoos á infraestrutura do operador galego, e levar a alta velocidade coa fibra máis rápida a recunchos de Galicia en núcleos rurais duns **110 municipios do territorio.**

Por outra banda, o **90 % da poboación galega dispón de cobertura 5G de R e de MASORANGE** e está preparada para facer uso dela. **O Grupo adxudicouse, ademais, máis de 52M € do plan Único 5G Rural,** destinado a dotar de 5G a contorna rural galega e reducir de novo a fenda dixital na comunidade. **MASORANGE adxudicouse o 98 % do orzamento deste plan para Galicia, o que lle vai permitir liderar o 5G en Galicia no ámbito rural.**

Ademais, **R** conta co servizo 'Internet rural' dende 2022, co que se converte así no **primeiro operador** que dota clientes sen fibra en Galicia dunha **solución 5G converxente fixo e móbil.** Na actualidade son 224 os concellos galegos que dispoñen da **solución internet rural con 5G de R** (tarifa plana con mambo *Axiña*). Grazas a isto, aldeas do rural gozarán dos servizos de internet de **R** do mesmo xeito que as capitais de provincia do territorio: máis un paso na **redución da fenda dixital** entre ambas as contornas.

Ao mesmo tempo, no marco do **Plan Nacional 5G de Red.es**, MASORANGE está a desenvolver en Galicia **14 pilotos 5G ou casos de uso de novos produtos e servizos** en sectores estratéxicos (Industria, Turismo, Sanidade, Educación e Agricultura).

O grupo é pioneiro, tamén, na **despregadura de fibra óptica en centros históricos** como o de Santiago de Compostela.

R, acompañando as empresas galegas na súa dixitalización

Canto ao mercado empresarial e Administracións Públicas, **R** ofrécelles ás empresas de Galicia un catálogo de solucións tecnolóxicas extenso e adaptado ás necesidades de cada unha delas en eidos tan importantes como a automatización de procesos con **IA, Big Data, solucións cloud ou ciberseguridade** (produto *Scudo* especificamente pensado para pemes).

Ademais, conta cun **centro de datos (datacenter)** avanzado e próximo que garante a máxima calidade e seguridade da información e na xestión e almacenamento dos datos das compañías que confían en **R**.

Entre as súas referencias comerciais, **R** renovou recentemente o **contrato da rede corporativa de voz e datos de Abanca**, á que acompaña no seu crecemento en toda a Península, e na súa carteira de clientes de empresa están tamén outras compañías, como **Jealsa, Gadisa, Inveravante, Pérez Rumbao e Plexus**, os **catro Colexios Oficiais de Farmacéuticos, Reganosa e medios de comunicación como La Voz de Galicia, El Progreso, Diario de Pontevedra, La Región e Atlántico Diario**. Ademais, é provedor da **Xunta de Galicia** e de numerosos concellos galegos.

MASORANGE/R, o operador con maior impacto social de Galicia

Canto ao seu permanente compromiso con Galicia no ámbito social, **R** destacou en varias edicións do **Atlas Galego da Empresa Comprometida**, e este ano obtivo o distintivo de **tres estrelas** nas áreas de **bo goberno, medio ambiente e impacto local**.


Por outra banda, a **Cátedra R en Ciberseguridade adapta ás necesidades da empresa** o coñecemento desta materia esencial nun mundo dixitalizado, fomentando a formación continua, a innovación e máis a investigación.

O **patrocinio do Celta Integra**, equipo do Celta de Vigo integrado por persoas con discapacidade intelectual, é outro exemplo da disposición de **R** por fomentar valores de solidariedade, traballo en equipo, igualdade e xustiza social. Ademais, destaca tamén a súa iniciativa de Internet **compromiso R** para apoiar colectivos vulnerables coa prolongación de tarifas gratuítas. Finalmente, para espertar as vocacións STEM en nenos e nenas, desenvolve os obradoiros **crea R**, que xa acolleron máis de 3.000 participantes.

O **proxecto Edyta**, cunha aula en Ourense e outra en Lugo, segue permitindo que o **90 % das mulleres en risco de exclusión que participan melloren os seus coñecementos dixitais**, e as dúas **aulas TEA de apoio a persoas autistas** contan xa con 1,5M de beneficiarios/as.

MASORANGE é o novo operador líder en España

A decidida aposta de MASORANGE por Galicia cobra maior importancia ao se tratar do novo líder do mercado das telecomunicacións en España: en cobertura, en satisfacción de cliente e en talento.



A nova compañía conta con excelentes activos para seguir medrando no mercado español, ao ofrecer os mellores servizos que lle seguirán a garantir os/as clientes/as máis satisfeitos/as de España.

En concreto, **MASORANGE é o primeiro operador do mercado por número de clientes con +37M de liñas entre móbil e banda larga** (+30M de servizos móbiles, 7,3M de banda larga) e **2,3M de usuarios de televisión**. Ademais, é o **operador español con maior cobertura FTTH de España, con máis de 29M de fogares comercializables con fibra óptica**, unha das mellores coberturas móbiles 4G (98 %) e 5G (máis do 80 %) **en máis de 2.500 municipios españois**, o maior nivel de satisfacción dos clientes (NPS) e con máis talento acumulado do mercado: un único equipo formado por máis de **8.500 profesionais e máis de 50.000 postos de traballo indirectos adicionais**.

Por outra banda, en termos financeiros, **MASORANGE convértese nunha das 20 maiores empresas de España por volume de ingresos**, con máis de 7.400M €; un resultado operativo (EBITDA) de +2.600M € e unha valoración da nova empresa combinada superior a 18.600M €.